

ble, sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, os infractores estarán obrigados a reposición ou restauración das cousas ó seu estado anteriores a infracción cometida, na forma e condicións fixadas polo órgano que impuxo a sanción.

Se os infractores non procederan a reposición ou restauración, de acordo co establecido no apartado anterior, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas con arranxo ó disposto nos artigos 99 da Lei 30/1992 e 36 da Lei 10/1998, unha vez transcorrido os prazos sinalados no requirimento correspondente.

Así mesmo poderase proceder a execución forzosa por conta do infractor e a súa costa.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, segundo os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Baiona, a 3 de marzo de 2008.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña. **2008002645**

* * *

CUNTIS

A N U N C I O

Transcorrido o prazo de exposición pública e ó non terse presentado ningunha reclamación, considérase aprobada definitivamente a Ordenanza xeral de protección ambiental, facéndose público o seu texto:

ORDENANZA XERAL DE PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL DO CONCELLO DE CUNTIS

TÍTULO PRELIMINAR

Disposición Xerais

Artigo 1

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación, no termo municipal de Cuntis, das seguintes actividades:

- Limpeza das vías e espazos de dominio e uso público no termo municipal.
- Protección de zonas verdes.
- Recollida dos residuos sólidos urbanos e o seu tratamento.
- As actividades de publicidade ou propaganda en espazos públicos.

Artigo 2

1.—No non regulado expresamente na presente ordenanza será de aplicación o disposto na Normativa Estatal e Autonómica sobre recollida de des-

perdicios e residuos sólidos urbanos, lexislación sobre protección de animais domésticos, normativa de protección ambiental e demais disposición aplicables.

2.—A presente Ordenanza ten carácter xeral respecto das normas municipais especiais que o Concello poida establecer para sectores específicos de actividades con incidencia no eido medio ambiental, aplicándose, en todo caso, con carácter supletorio, no non previsto nas ditas normas.

TÍTULO I

Da limpeza e ornato das vías e espazos públicos e dos inmobles en xeral

Capítulo I.—Da limpeza da vía pública

Artigo 3

1.—A limpeza das vías e espazos de dominio e uso público local corresponderá ao Concello, constituíndo un servizo público municipal que se prestará a través de calquera dos modos de xestión establecidos na lexislación vixente.

2.—A limpeza das rúas e solares de dominio privado deberá efectuarse polos seus propietarios seguindo as directrices que dicten os técnicos do Concello. No caso no que a propiedade non cumpra debidamente con esta obrigación, previa orde de execución, a limpeza será efectuada polo servizo Municipal correspondente, e dita propiedade estará obrigada a pagar o importe dos servizos prestados, de acordo ao establecido na Ordenanza reguladora dos Dereitos e Taxas correspondentes.

3.—A limpeza das vías e espazos libres de titularidade doutras Administracións Públicas corresponderá aos seus titulares.

Artigo 4

1.—Corresponderá aos/ás propietarios/as ou se é o caso a quen habite os inmobles manter limpos os da mazá, os cerres de baixos, a limpeza de pintadas en edificios e o lucido das casas e baixos das mesmas. Enténdese incluída nesta obriga a realización das operacións de desratización, desinsectación ou desinfección que sexan precisas para manter as condicións normais de salubridade e hixiene dos inmobles.

Esta obriga será igualmente esixible cando a situación de falta de limpeza sexa imputable a terceiras persoas, sen os prexuízos do dereito dos propietarios a denunciar os feitos ante o Concello, para os efectos de que este poida exercer a potestade sancionadora fronte aos responsables.

2.—Queda expresamente prohibido que as persoas que realicen a limpeza dos locais, portais ou edificios, boten ás beirarrúas ou calzada os restos ou desperdicios procedentes dos interiores.

Queda tamén prohibido o baldeo con auga, xabón ou lixivia da limpeza de vehículos, locais ou

vivendas e espazos públicos. Queda nembargantes autorizado o baldeo con auga limpa ou con calquera outro produto non tóxico cando sexa preciso retirar excrementos, vómitos ou calquera outro residuo molesto fronte a locais ou vivendas, que en todo caso deberá realizarse de xeito directo no sumidoiro máis próximo, evitando en todo momento a produción de molestias a terceiros.

3.—Prohíbese o depósito en pozos, rexistros e na rede de sumidoiros de calquera produto ou residuo resultante de actividades de limpeza ou doutros de calquera tipo non autorizado tales como animais mortos, restos químicos, aceites de cociña ou outros.

Artigo 5

1.—Prohíbese botar á vía pública todo tipo de residuos como cabichas, pelas, papeis, bolsas ou calquera outro desperdicio similar. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e queira desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizará as papeleiras instaladas para tal fin.

2.—Prohíbese, así mesmo, chimpar calquera tipo de residuos dende vehículos, xa en marcha ou parados.

3.—Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobres as papeleiras, movelas, envorcalas ou arrincalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso a que están destinadas.

4.—A instalación, mantemento e reposición das papeleiras realizarase ben pola Administración Municipal ou mediante xestión indirecta.

5.—Os danos causados ás papeleiras, que signifique a necesidade da súa reposición, serán sufragados polos que os ocasionen, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades de tipo penal ou administrativo que procedan.

6.—Os danos que se causen en árbores ou noutro mobiliario urbano ou en calquera espazo ou ben público, incluíndo a realización de inscricións ou pintadas e a colocación de carteis ou adhesivos, serán así mesmo sufragados polas persoas que os ocasionasen, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades de tipo penal ou administrativo que procedan.

Artigo 6

Queda prohibido realizar calquera operación ou actividade que poida luxar as vías e espazos públicos, o mobiliario urbano e en particular:

- a) Lavar vehículos ou facer operacións de limpeza nas vías ou espazos públicos así como realizar operacións de cambio de aceite ou doutros líquidos.
- b) Manipular ou seleccionar os desperdicios ou residuos sólidos urbanos situados nas papeleiras e nos contedores do lixo, producindo a

súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases. Tamén se prohíbe o depósito de residuos domésticos nos recipientes situados nas rúas e que estean destinados exclusivamente a recoller os residuos procedentes da limpeza viaria.

- c) Sentarse, apoiando os pés, nos bancos e cadeiras situadas nos espazos público.
- d) Sacudir ou limpar prendas, alfombras ou similares nas vías e espazos públicos ou sobre as mesmas (dende xanelas, balcóns, etc.).
- e) Instalar tendais e tender roupa nas fachadas dos inmobles que dean ás vías ou espazos públicos. Exceptúanse aquelas vivendas que, pola súa antigüidade ou características singulares, non dispoñan de espazos interiores para tal fin, polo que poderán facer uso da fachada entre as 22:00 e as 08:00 horas, sen que en ningún caso se poida tender a unha altura que perturbe o paso dos viandantes e sempre que non se produzan molestias, tales como as derivadas do goteo de auga ou similares.
- f) Prohíbese o estacionamento de vehículos en zonas onde estean ubicados contenedores e que impidan o acceso aos mesmos, por parte do servizo de limpeza, adoptando a Oficina Municipal de Tráfico as medidas ao efecto. O seu cumprimento será vixiado pola Policía Municipal.
- g) As persoas que conduzan cans deberán impedir que estes realizan as súas dexeccións nas vías e espazos públicos. O concello poderá habilitar zonas específicas para o efecto.

No caso de que as dexeccións queden depositadas en calquera lugar público, dentro do núcleo urbano e fora dos lugares habilitados para tal fin, se os houbera, a persoa que conduza o animal estará obrigada á recollida e limpeza das dexeccións que, debidamente empaquetadas, serán depositadas en papeleiras ou contedores de lixo.

Do incumprimento do establecido neste artigo serán responsables as persoas que conduzan aos animais, sexan ou no propietarios dos mesmos, e subsidiariamente os propietarios dos mesmos.

Artigo 7

1.—Quen estea á fronte de quioscos ou postos autorizados nas vías ou espazos públicos ou desenvolva calquera outra ocupación ou actividade na mesma, ben sexa de xeito illado ou en mercadillos, está obrigado a manter limpo o espazo no que desenvolva o seu cometido e as proximidades, durante o horario en que realice a súa actividade e a deixalo no mesmo estado de limpeza unha vez finalizada esta. O incumprimento deste artigo poderá dar lugar á revogación da correspondente licenza, previa audiencia do interesado.

2.—A mesma obriga incumbe aos donos dos cafés, bares e establecementos análogos, en canto á superficie da vía ou espazo libre público que se ocupe con veladores, cadeiras, etc. así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada, debendo retirar todo tipo de envases, plásticos, papeleiras, etc., no momento do peche do establecemento. Os donos ou responsables de locais públicos tales como pubs, bares, discotecas, restaurantes ou análogos no momento do peche do establecemento deberán retirar da vía pública situada nas inmediacións do mesmo calquera residuo derivado da actividade desempeñada, incluíndo cristais, calquera tipo de envase, etc.

Artigo 8

1.—Acabada a carga e descarga de calquera vehículo, con observancia das normas que para tales actividades establece a normativa de circulación, procederase a limpar as beirarrúas e calzadas que fosen luxadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos.

2.—Están obrigados ao cumprimento deste precepto os/as donos/as dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas nos que fose executada a carga ou descarga, sempre que non faciliten a identificación do transportista.

Artigo 9

1.—Os/as propietarios/as e conductores/as de vehículos que transporten terras, cascallos, materiais poeirentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia susceptible de causar molestias ou luxar os espazos públicos ao ser transportada terán que tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caia sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.

2.—Nos vehículos que se utilicen en zonas de obras, antes de saír á vía pública, deberá procederse, a ser posible, ao lavado dos baixos e rodas. En todo caso, manterase a vía pública limpa retirando da mesma calquera residuo derivado da actividade e deberá garantirse que en ningún tramo do percorrido queden restos de materiais.

Artigo 10

Nas obras nas que se produzan cantidades de cascallos superiores a un metro cúbico haberán de utilizarse para a súa recollida contedores axeitados, para os que se contará coa preceptiva autorización municipal, para seren trasladados posteriormente ao vertedoiro de inertes.

Artigo 11

1.—Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias aos transeúntes nin luxar a vía pública e se, non obstante, esta se luxase, os donos do establecemento estarán obrigados a súa limpeza, retirando os residuos resultantes.

2.—Cando se proceda á limpeza de balcóns e terrazas, así como á rega das plantas instaladas nos mesmos, adoptaranse as debidas precaucións para non luxar a rúa e recoller a auga restante do rego.

Artigo 12

A colocación de valos publicitarios, carteis, pancartas e adhesivos requirirá en todo caso autorización e non se permitirá a colocación de elementos publicitarios sen autorización en:

Espazos libres públicos e elementos de mobiliario urbano.

Postes de iluminación, semáforos e sinais de tráfico.

Muros, valos e cercas, a excepción de lugares habilitados para tal fin.

De modo provisional, e en ocasións excepcionais como feiras, festas, exposicións ou congresos, o concello poderá autorizar anuncios non comerciais limitados ao tempo que dure o acontecemento, que de inmediato deberán retirarse unha vez que acabe o mesmo.

TÍTULO II

Da protección de zonas verdes

Capítulo I.—Implantacións de zonas verdes

Artigo 13

1.—Para os efectos de esta ordenanza, considéranse zonas verdes os espazos destinados á implantación de arboredo e xardinería.

2.—Serán consideradas como zonas verdes, para os efectos desta ordenanza, as prazas e xardíns públicos, os xardíns arredor de monumentos ou nas illas viarias, as aliñacións de árbores en beirarrúas e paseos, e as xardineiras e elementos de xardinería instalados nas vías públicas.

Capítulo II.—Conservación de zonas verdes

Artigo 14

Todos/as os/as propietarios/as de zonas verdes están obrigados a mantelas en bo estado de conservación, correndo pola súa conta os gastos que iso ocasione.

Artigo 15

Calquera propietario/a dun inmovible con fachada á rúa e árbores no mesmo terá a obriga de podalos de xeito que non obstrúan ou dificulten a iluminación da vía pública ou impidan a visibilidade en cruces, interseccións ou pasos.

Artigo 16

1.—Os regos precisos para a subsistencia dos vexetais incluídos en calquera zona verde, deberán realizarse cun criterio de economía da auga, en concordancia co mantemento ecolóxico do sistema que favoreza a resistencia das plantas en períodos de seca, empuxes de vento, ataques de criptógamas, etc.

2.—A zona verde que posúa recursos propios de auga será regada con estes recursos sempre que isto sexa posible.

Artigo 17

Os/as titulares de quioscos, bares, etc., que integren nas súas instalacións algún tipo de plantación, deberán velar polo bo estado das mesmas.

Capítulo III.—Uso das zonas verdes

Artigo 18

Todos/as os/as cidadáns/ás teñen dereito ao uso e aproveitamento das zonas verdes públicas, de acordo co establecido na presente ordenanza e demais disposicións aplicables.

Artigo 19

Nos lugares cualificados como bens de dominio e uso público, non poderán celebrarse actos que pola súa finalidade, contido, características ou fundamento presupoñan a utilización de tales recintos con fins particulares en detrimento da súa propia natureza e destino.

Artigo 20

Cando, por motivos de interese, se autoricen nestes lugares actos públicos, deberanse tomar as medidas previsoras necesarias para que a maior afluencia de persoas aos mesmos non cause detrimento nas plantas e mobiliario urbano. En todo caso, tales autorizacións deberán ser solicitadas coa antelación suficiente para adoptar as medidas previsoras necesarias.

Artigo 21

1.—Os/as usuarios/as das zonas verdes e do mobiliario urbano instalado nas mesmas, deberán cumprir as instrucións que sobre a súa utilización figuren nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes, e, se faltaran estes, apelarse a racionalidade e boas maneiras.

2.—En calquera caso, deberán atender as indicacións que formulen os axentes da Policía Municipal e o persoal de Parques e Xardíns.

Capítulo IV.—Protección de elementos vexetais

Artigo 22

Con carácter xeral, para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes, non se permitirán os seguintes actos:

- Toda manipulación realizada sobre as árbores e plantas.
- Camiñar polas zonas axardinadas acoutadas.
- Pisar o céspede de carácter ornamental, introducirse no mesmo e utilizalo para xogar, repousar ou deitarse sobre el.
- Cortar flores, polas ou especies vexetais.

- Talar, apear ou podar árbores situados en espazos públicos sen a autorización municipal expresa.
- Aclarar, arrincar ou partir árbores, pelar ou arrincar as súas cortizas, cravar puntas, atar aos mesmos escaleiras, ferramentas, soportes de andamiaxe, ciclomotores, bicicletas, carteis ou calquera outro elemento nin gabear ou subir aos mesmos.
- Depositar, aínda de forma transitoria, materiais de obra sobre as árbores, ou verter nelas calquera clase de produtos tóxicos.
- Botar en zonas axardinadas lixo, residuos, cascotes, papeis, plásticos, graxas ou produtos cáusticos ou fermentables ou calquera outro elemento que poida danar as plantacións.
- Prender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean expresamente autorizados e non teñan instalacións axeitadas para facelo.

Capítulo V.—Protección de animais

Artigo 23

Para a boa conservación e mantemento das zonas verdes, así como das lagoas, estanques e fontes existentes nos mesmos non se permitirán os seguintes actos:

- Cazar calquera tipo de animal, así como escorrentar as pombas, paxaros, anátidos e calquera outra especie de ave ou animal, perseguido ou consentir que os persigan cans nin outros animais.
Tamén se prohíbe causar dano ningún nas zonas de cría ou niñadas destes animais.
- Pescar, inquietar ou causar dano aos peixes, así como botar calquera clase de desperdicios ás lagoas, estanques, fontes ou ríos.
- A utilización en tales lugares de utensilios ou armas destinadas á caza de aves ou doutros animais, como tiradores de goma, cepos, escopetas de aire comprimido, etc.

Artigo 24

Os usuarios das zonas verdes non poderán abandonar nestes lugares especies de animais de ningún tipo. Cando, polas características e circunstancias de determinados animais, sexa aceptable a súa doazón, esta poderá ser autorizada polo Concello.

Capítulo VI.—Protección do medio

Artigo 25

A protección de tranquilidade e sosego que intriga a propia natureza das zonas verdes esixe que:

- A práctica de xogos e deportes se realice nas zonas específicas acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias:

- 1.—Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas.
 - 2.—Poidan causar danos e deterioro a plantas, árbores, bancos e demais elementos de mobiliario urbano, xardíns e paseos.
 - 3.—Impiden ou dificultan o paso de persoas ou interrompan a circulación.
 - 4.—Perturben ou molestan de calquera forma a tranquilidade pública.
- b) As actividades publicitarias realízanse coa expresa e previa autorización municipal.
- c) As actividades industriais restrinxiranse ao máximo, limitándose a venda ambulante de calquera clase de produtos, que soamente poderá efectuarse coa correspondente autorización municipal expresa para cada caso concreto.

A instalación de calquera clase de industria, comercio, restaurante, venda de bebidas ou refrescos, xeados, etc. requirirá autorización ou concesión administrativa do Concello, obtida coa tramitación que a normativa aplicable dispoña en cada caso concreto.

Os concesionarios deberán limitarse á actividade autorizada, sendo responsables das súas limitacións ou incumprimento.

- d) Non sendo nos lugares especialmente habilitados para o efecto non se permitirá acampar, instalar tendas de campaña e vehículos habilitados para tal fin.

Artigo 26

Nas zonas verdes non se permitirá:

- Lavar vehículos, lavar ou tender roupa nin tomar auga das bocas de rego.
- Efectuar inscricións ou pegar carteis nos valados, soportes de alumado público ou en calquera elemento existente nos parques e xardíns.
- Instalar calquera tipo de modalidade publicitaria nos parques.
- Nas restantes zonas verdes soamente se autorizarán elementos publicitarios previamente homologados polo Concello.
- Realizar, nos seus recintos, calquera clase de reparación de automóbiles, albanelería, xardinería, electricidade, etc. De se tratar de elementos propios do parque ou de instalación de concesionarios, requirirase a preceptiva autorización do Concello.

Capítulo VII.—Vehículos nas zonas verdes

Artigo 27

Bicicletas.

Os/as nenos/as de ata 10 anos poderán circular en bicicleta polos paseos interiores dos parques,

sempre que a escasa afluencia do público o permita e non causen molestias aos demais usuarios dos parques, e sempre baixo a responsabilidade dos pais ou persoa responsable.

Circulación de vehículos de transporte.

Non poderán circular polos parques salvo:

— Os destinados exclusivamente a empresas de servizos de quioscos ou instalacións semellantes.

— Os do concello de Cuntis.

Vehículos de eivados/as.

Poderán circular os que non desenvolvan unha velocidade superior aos 10 km/h.

Artigo 28

Queda expresamente prohibida a entrada nos parques dos vehículos non recollidos no artigo anterior.

Capítulo VIII.—Protección do mobiliario urbano

Artigo 29

O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns e zonas verdes, consistente en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización, farolas e elementos decorativos como adornos, estatuas, etc., deberán manterse no máis axeitado e estético estado de conservación. Os causantes do seu deterioro ou destrución serán responsables, non soamente do resarcimento do dano producido, senón que serán sancionados administrativamente de acordo coa falta cometida. Así mesmo, serán sancionados os que facendo un uso indebido de tales elementos prexudique a boa disposición e utilización dos mesmos polos/as usuarios/as de tales lugares. Para este efecto, e en relación co mobiliario urbano, establécense as seguintes limitacións:

a.—Bancos

Non se permitirá o uso desaxeitado dos mesmos, como arrincar os que estean fixos, trasladar os que non estean fixados ao chan, agrupalos de forma desordenada, realizar comidas sobre os mesmos en forma que poidan manchar os seus elementos, realizar inscricións ou pintadas, sobre eles, e calquera acto contrario a súa normal utilización ou que deteriore a súa conservación.

As persoas encargadas do coidado dos/as nenos/as deberán evitar que estes/as, nos seus xogos, depositen sobre os bancos, area, auga, barro ou calquera elemento que poida luxalos ou manchar aos/ás usuarios/as dos mesmos.

b.—Xogos infantís

Utilizaranse unicamente por nenos/as con idades comprendidas entre as establecidas nos correspondentes sinais. Non se permite a utilización dos

xogos infantís por adultos/as ou por menores de idade superior á que se indique, así como tampouco a utilización dos xogos de forma que exista perigo para os seus usuarios, ou de forma que poidan deteriorarse ou romperse.

c.—Papeleiras

Os refugallos ou papeis deberanse depositar nas papeleiras establecidas a tal fin. Os usuarios/as deberanse abster de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, volcalas e arrincalas, así como de facer inscricións nas mesmas, adherir papeis ou outros actos que deterioreen a súa prestación.

d.—Fontes

Os/as usuarios/as deberanse abster de realizar calquera manipulación nas fontes que non sexan propia do seu funcionamento normal, así como de practicar xogos nas fontes para beber.

Nas fontes decorativas, chafarices, bocas de rego, etc., non se permitirá beber utilizar a auga das mesmas, bañarse ou introducirse nas súas augas, practicar xogos, nin ningunha manipulación dos seus elementos.

e.—Sinalización, farois, estatuas e elementos decorativos

Nestes elementos de mobiliario urbano non se permitirá subirse, abanearse ou facer calquera outra acción ou manipulación, así como calquera acto que luxe, dane ou deteriore o mesmo.

TÍTULO III

Da recollida e do tratamento dos residuos sólidos urbanos

Capítulo I.—Normas xerais de recollida de residuos sólidos urbanos

Artigo 30

A recollida de residuos sólidos urbanos constitúe un servizo público municipal de carácter obrigatorio, que se rexerá polo disposto na lexislación do Estado e complementaria da Comunidade Autónoma así como polas disposicións contidas na presente ordenanza municipal. Dita recollida será establecida polo Concello, cos itinerarios, frecuencia e horario que se fixen, e emprestarase ben directamente pola Administración Municipal ou a través de xestión indirecta.

Artigo 31

1.—Da recepción dos residuos sólidos urbanos farase cargo o persoal do Servizo Municipal ou se é o caso da Empresa Concesionario ou a Entidade de xestión que corresponda en cada momento, segundo se decida polo Concello.

2.—O Concello adquirirá a propiedade dos residuos dende o momento en que se depositen nos con-

tedores ou lugares establecidos para o efecto, e os posuidores quedarán exentos de responsabilidade polos danos que puidesen causar tales residuos, sempre que na súa entrega se observasen as condicións desta ordenanza e demais normativa aplicable.

3.—Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte, ou aproveitamento dos residuos sólidos urbanos e industriais asimilables nin non asimilables (sexan papel, cartón, madeira, vidros, plásticos, metais, pilas e baterías) calquera que sexa a súa natureza, sen a previa concesión ou autorización municipal.

En todo caso será unha empresa autorizada pola Consellería de Medio Ambiente como xestor autorizado de residuos.

4.—A recollida ou retirada de residuos sólidos por particulares se autorización municipal poderá ser obxecto de sanción, así como o seu depósito ou tenencia.

5.—Quedan excluídos da prestación deste servizo aquelas empresas ou actividades que teñan a obriga de ter contratado un xestor autorizado de residuos.

Capítulo II.—Consideración de Residuos Sólidos Urbanos

Artigo 32.

Terán a consideración de residuos sólidos urbanos os seguintes:

Os residuos de orixe doméstica.

Os residuos xerados en comercios, oficinas e servizos que non se atopen excluídos da cualificación de residuos sólidos urbanos na lexislación vixente así como todos aqueles que non teñan a consideración de perigosos e que pola súa natureza e composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes e áreas recreativas.

Os residuos procedentes de mercados, feiras, festexos, peregrinacións, excursións, acampadas ou actos similares.

Os mobles, obxectos e electrodomésticos desbotados e os procedentes de pequenas obras de reparación domiciliaria.

O Concello poderá dispor que, en todo o pobo ou en sectores ou zonas determinadas, se presenten por separado ou se depositen en recipientes especiais aqueles residuos susceptibles de distintos aproveitamentos, tales como papel, cartón, vidros, latas, pilas, etc.

Será obriga do Servizo Municipal de recollida ou Empresa Concesionaria, o baleirado dos contedores propios do Servizo de Limpeza que se utilicen para depositar as varreduras e desperdicios procedentes das papeleiras.

Prohíbese a utilización por parte dos particulares con exclusividade para outros fins distintos dos propios, dos contedores do Servizo de Limpeza.

Artigo 33.

1.—Os/as produtores/as de residuos sólidos urbanos estarán obrigados a entregalos aos servizos municipais na forma e condicións establecidas na presente ordenanza.

2.—A entrega dos residuos sólidos urbanos aos servizos municipais realizarase do seguinte xeito:

- a) Con carácter xeral, nos contedores situados para o efecto nas vías e espazos públicos, utilizando o contedor específico para cada tipo de residuo.
- b) Os/as usuarios/as están obrigados a utilizar elementos de contención para a evacuación dos residuos sólidos urbanos. Consideraranse envases axeitados para tal fin as bolsas de plástico, sacos de plástico ou de papel que sexan impermeables e non desgarrables. En todo caso, os elementos que conteñan o lixo deberán estar perfectamente atados.
- c) Se como consecuencia dunha deficiente presentación do lixo, se produciran vertidos, a persoa causante será responsable da sucidade ocasionada na vía pública.
- d) Directamente no punto limpo (cando exista), nos contedores específicos, para os residuos especiais sinalados no artigo 34.2 ou no punto a sinalar para a súa recollida a domicilio.
- e) Directamente no vertedoiro de residuos inertes, os residuos non perigosos derivados das obras de construción de demolición.
- f) Os mobles e útiles domésticos poderán entregarse no Punto Limpo (cando exista) ou ser recollidos a domicilio, trala solicitude dos posuidores, nas datas, horarios e frecuencias que se sinalen polo Concello.

Artigo 34.

1.—O depósito dos residuos sólidos urbanos farase obrigatoriamente de xeito selectivo nas rúas onde existan os contedores específicos que se sinalan a continuación, nunha distancia máxima de 200 metros do domicilio dos posuidores. Dito depósito farase obrigatoriamente do seguinte modo:

- Contedor verde: materia orgánica e residuos que non poidan ser reciclados e contados en bolsas ou sacos tal como se indica no artigo anterior.
- Contedor amarelo: envases e residuos de envases lixeiros (envases plásticos, latas e envases de tipo brik).
- Contedor Iglú Verde: só vidro.
- Contedor azul: só papel e cartón.
- Contedor de pilas: só pilas usadas.

2.—Deberán depositarse no Punto Limpo (cando exista), nos contedores correspondentes ou no punto a sinalar para a súa recollida a domicilio, os seguintes tipos específicos de residuos:

- a) Vernices, pinturas e residuos de pinturas.
- b) Aceites pesados procedentes de coches, tractores e vehículos de motor en xeral.
- c) Aceites domésticos.
- d) Baterías.
- e) Aparellos metálicos (neveiras, lavadoras, coctais, electrodomésticos en xeral, somieres e similares).
- f) Obxectos de madeira e outros obxectos (sofás, camas, armarios, colchóns e outros similares).
- g) Outros residuos sólidos urbanos que non sexan susceptibles de ser reciclados e se sinalen pola Alcaldía ou pola Concellería competente.

3.—Ademais de poder depositarse no Punto Limpo (cando exista), os servizos municipais recollerán os residuos sólidos urbanos especiais descritos nas letras f) e g) do punto anterior coa periodicidade e nas datas que se sinalen pola Alcaldía, tras solicitude dos interesados.

4.—Os establecementos e oficinas que, polo volume de lixo producido, precisen un maior número de contedores dos subministrados polo servizo municipal deberán adquirilos pola súa conta, debendo reunir as características que se indiquen polo Concello para os efectos de permitir a súa recollida polos servizos municipais.

Os/as titulares de tales contedores teñen a obriga de conservalos en adecuadas condicións de hixiene, debendo lavalos periodicamente mediante auga a presión. O lavado non poderá realizarse na vía pública.

5.—As operacións de lavado e limpeza que esixan os recipientes normalizados serán efectuados periodicamente polo concello ou empresa concesionaria do servizo, salvo no caso dos contedores individuais que deberán ser lavados e mantidos en bo estado polos usuarios dos mesmos.

6.—Os/as titulares de establecementos que manexen ou utilicen produtos percedoiros deberán depositar os residuos en contedores específicos da súa titularidade, non podendo usar os comunitarios e depositando sempre os residuos en bolsas herméticas, evitando a súa dispersión e tamén a xeración de malos olores.

7.—As caixas de cartón de grandes dimensións deben ser esnaquizadas e empacetas correctamente nos contedores específicos ou ocupando o menor espazo posible se estes estivesen cheos.

8.—Todos aqueles establecementos que sexan grandes produtores de residuos deberán manter os

seus contedores individuais no interior das súas dependencias ata as 20:00 horas, excepto os meses de xuño a setembro, nos que non poderán depositarse na rúa antes das 22:00 horas. Para tal efecto, estarán obrigados a dispoñer dun lugar específico dentro do seu establecemento para a custodia destes contedores.

Artigo 35.

1.—Nas zonas en que existan recipientes normalizados, os/as veciños/as depositarán neles os residuos e o persoal do vehículo contedor baleirá o contido dos recipientes no camiión e depositará os baleiros onde se encontraban.

2.—Nun e noutro suposto, o lixo e desperdicios depositaranse en bolsas pechadas e non poderán ser deixadas nos contedores ou na vía pública, antes das 19:00 horas e de domingo a venres.

3.—Prohíbese depositar o lixo nas datas que o Concello indique como inhábiles do Servizo, o que se comunicará coa antelación precisa.

Artigo 36.

1.—Os contedores serán situados na vía pública, naqueles lugares que se determinen pola Administración Municipal. Non poderán moverse do seu lugar de orixe, salvo causa de forza maior. Unha vez baleirados os recipientes non desbotables, procederase ao seu retirado, en caso de supermercados ou establecementos que teñan contedores grandes.

2.—No suposto en que os establecementos comerciais xeren un elevado número de residuos urbanos asimilables, o Concello poderá esixir a instalación dun sistema de compactación previo dos residuos, que se depositarán nos recipientes normalizados.

Artigo 37.

1.—Nos centros públicos ou privados, mercados, galerías de alimentación, centros sanitarios, etc., a recollida efectuarase polo Servizo Municipal ou Empresa concesionaria.

2.—Se unha Entidade Pública ou privada tivese, por calquera causa, que desprenderse de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúe a produción diaria normal e non de forma frecuente, non deberá presentalos conxuntamente cos residuos habituais. Neste caso, a Entidade poderá dispoñer o seu transporte ao Centro de Transferencias ou ao lugar establecido polo Concello tralo pagamento das taxas correspondentes ou ben solicitar do Servizo de Recollida ou Empresa concesionaria a súa retirada abonando os custos correspondentes.

3.—Os grandes xeradores de residuos urbanos estarán obrigados a dispoñer dun lugar específico dentro do seu establecemento para custodia destes contedores.

Capítulo III.—Residuos Industriais

Artigo 38.

Serán considerados residuos industriais especiais aqueles que polas súas características non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables aos residuos urbanos e en xeral os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou para o medio ambiente.

Artigo 39.

1.—Os/as produtores/as e posuidores de residuos industriais especiais estarán obrigados á adopción de cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou, se é o caso, aproveitamento dos mesmos se realice sen risco para as persoas.

2.—Os produtores de residuos que poidan resultar tóxicos ou perigosos deberán, previamente á súa recollida por xestor autorizado, realizar un tratamento para eliminar ou reducir as súas características así como adoptar as medidas para asegurar o seu traslado.

3.—Nestes casos a empresa ou o produtor destes residuos estará obrigado a cumprir a normativa vixente.

Artigo 40.

1.—En ningún caso se permitirá o vertido de residuos industriais que pola súa natureza sexan causantes de malos cheiros, etc., en zonas próximas a vivendas e en lugares non preparados para iso nin na rede de sumidoiros municipal.

2.—Non pode realizarse no termo municipal a eliminación de residuos mediante a súa incineración.

Capítulo IV.—Residuos Especiais Sección Primeira - Terras e Cascallos

Artigo 41.

1.—O vertido destes materiais farase necesariamente no vertedoiro de inertes (cando exista), sen prexuízo do disposto no punto 4 deste Artigo.

2.—Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados os cascallos procedentes de calquera clase de obras.

3.—O pequeno cascallo que resulte asimilable no sistema de eliminación e tratamento de lixos adoptado polo municipio poderá ser depositado no Punto Limpo (cando exista).

4.—Poderá autorizarse excepcionalmente o vertido de cascallo non asimilable nos terreos que propoña o solicitante sempre que se trate de material inerte e conte co informe favorable dos Técnicos Municipais.

5.—No suposto anterior de utilización do cascallo ou terras para recheos ou utilización en terreos particulares deberá solicitarse previamente a preceptiva licenza municipal, acompañando se é o caso memoria sobre impacto medio-ambiental.

6.—Poderá autorizarse, así mesmo, con carácter provisional o depósito de cascallos mentres se realice unha obra determinada.

7.—Queda prohibido acumular produtos nocivos perecedoiros en soares ou terreos.

Artigo 42.

1.—Prohíbese depositar na vía pública toda clase de cascallos ou desperdicios procedentes de obras de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no interior dos mesmos, sexa na totalidade ou nalgunha das vivendas.

2.—Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fóra do límite do valo protector das obras, material de construción: area, ladrillos, cemento, etc., así como a súa manipulación.

Artigo 43.

1.—Os residuos e materiais do artigo anterior só poderán almacenarse na vía pública utilizando para iso contedores adecuados instalados nela que deberán cumprir os requisitos e condicións que se sinalan na Ordenanza Municipal correspondente ou que sexan autorizados polo Concello.

2.—A colocación de contedores requirirá autorización municipal, tralo pago das taxas correspondentes.

3.—Os contedores deben estar dotados dos dispositivos adecuados que permitan mantelos cubertos cando non sexan utilizados, para preservar o ornato urbano e evitar que outras persoas boten nelas lixos domiciliarios ou trastes inútiles.

4.—Cando os contedores se atopen cheos de cascallos procederase, en prazo non superior a vinte e catro horas, á súa retirada e substitución por outros baleiros. Para estes efectos os materiais depositados non poderán exceder en ningún caso o plano delimitado polas arestas superiores do contador, estando prohibido o uso de suplementos ou engadidos para aumentar a capacidade do recipiente.

En caso de incumprimento, o Concello poderá retirar os contedores que, unha vez baleiros, quedarán en depósito, tralo pago dos gastos a que ascenda a retirada, transporte e vertido.

Sección Segunda- Aparatos Metálicos, Útiles de Madeira e Outros Obxectos Inútiles

Artigo 44.

1. Queda prohibido depositar nos espazos públicos, mobles, utensilios e obxectos inútiles para que sexan retirados polos camiións contedores da recollida domiciliaria.

2. Queda prohibido depositar na vía pública obxectos para reserva de espazo.

3. Queda prohibido o abandono de vehículos nas vías públicas. Nestes casos o Concello procederá conforme ó disposto na Lei sobre Tráfico, Circulación de Motor e Seguridade Vial.

4. Queda prohibido ter como expositores na vía pública vehículos ou calquera outro dispositivo así como utilizar a vía pública como exposición de alimentos ou materiais, agás postos do mercado autorizados. Estes artigos poderán ser requisados por persoal municipal e sempre se cobrarán as taxas correspondentes.

5. As persoas que desexen desprenderse de tales elementos utilizando os servizos municipais solicitarano nas oficinas municipais, cubrindo o correspondente impreso, con antelación suficiente ou mediante aviso telefónico.

5.1 Establécese o último xoves de cada mes ou o inmediato día hábil anterior se este fose festivo, para a recollida dos aparellos metálicos (neveiras, lavadoras, cociñas, electrodomésticos en xeral, excepto televisores e pantallas de ordenador, somieres,...), e útiles de madeira e outros obxectos (sofás, camas, armarios, colchóns,...) para usuarios domésticos.

5.2 En calquera caso se fose urxente desprenderse dalgún destes obxectos, os propios posuidores poderán trasladalos e entregalos pola súa conta no Punto Limpo (cando exista).

Sección Terceira – Residuos Clínicos

Artigo 45

Para os efectos desta Ordenanza consideraranse residuos clínicos:

Os procedentes de vendaxes, gasas, algodóns, xiringas, restos de medicamentos ou os seus envases, tubos de ensaio, etc.

Os asimilables ou residuos domiciliarios, tales como restos de comida, lixos procedentes da limpeza e embalaxes, de Residencias e Centros Sanitarios.

En xeral todo residuo que se produza en clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios e demais establecementos sanitarios de carácter análogo.

Artigo 46

Os residuos procedentes de centros sanitarios han de estar debidamente envasados e pechados, utilizando para iso recipientes normalizados.

En ningún caso se permitirá o depósito ou vertido de materias radioactivas nin de restos patolóxicos.

Non se autorizará o vertido no termo municipal debendo facelo nos lugares autorizados pola Comunidade Autónoma.

Sección Cuarta – Outros Residuos

Artigo 47

Inclúense neste epígrafe outros residuos non sinalados especificamente entre os especiais ou aqueles que, procedendo de actividades comerciais, esixan unha recollida, transporte e tratamento selectivo por razón das condicións anormais en que os mesmos puidesen atoparse.

Artigo 48

Non se permitirá o vertido incontrolado en todo o Municipio, en particular de produtos químicos, materias graxas, oleaxinosas, líquidos e calquera outro material non asimilable ou que sexan propios de Vertedoiros industriais ou especiais, nin en contedores nin en redes de sumidoiros.

*Capítulo V.—Do tratamento dos residuos**Artigo 49*

A xestión do Servizo poderá facerse mediante xestión directa ou indirecta.

Polo Concello de Cuntis poderanse establecer, ademais dos vertedoiros, estacións de transferencia ou planta de eliminación mediante convenios ou outros acordos con SOGAMA, a Xunta de Galicia ou outras Entidades Locais, para vertedoiros destinados ao vertido de residuos especiais e cascallos.

Artigo 50

As instalacións industriais para a eliminación e aproveitamento dos residuos, nas súas formas de compostaxe, reciclaxe, incineración, pirólise e pirofusión, etc., estarán ao que dispoñan as leis vixentes na materia.

Artigo 51

1.—Queda prohibido, no ámbito do termo municipal, o depósito e vertido de lixos e residuos en zonas distintas ás instalacións municipais dedicadas a tal fin.

2.—Todo vertedoiro clandestino será clausurado sen prexuízo das sancións ás que houbese lugar.

3.—Cando a Administración ordene a limpeza e/ou peche dun soar ao seu propietario e o mesmo non o fixese, no prazo que se lle outorga, a administración procederá a realizar a obra de forma subsidiaria con gastos por conta do obrigado, independentemente da sanción que lle fose imposta por desobediencia á autoridade.

Artigo 52

1.—O Concello a través dos servizos técnicos e dos axentes da policía municipal ou doutro persoal municipal denunciarán cantas infraccións se produzan en relación coas normas da presente ordenanza.

2.—Igualmente poderá calquera persoa natural ou xurídica denunciar ante o Concello as infraccións da presente ordenanza.

TÍTULO IV

Publicidade: Valados Publicitarios, Megafonía, Publicidade a domicilio, Recadros para a Publicidade, Marquesiñas, Pintadas, Graffitis, Pancartas, e Outros

Artigo 53

1.—Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, luxando os espazos públi-

cos e a colocación de publicidade en lugares non autorizados.

2.—Terá a consideración de acto independente para o efecto de sanción cada actuación separada no tempo ou no espazo, contraria ao establecido no número anterior, sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade, e, en defecto delas e salvo proba en contrario, aquelas a favor de quen se faga a mesma.

3.—Os folletos publicitarios depositaranse nas caixas do correo ou lugares designados por cada comunidade, nunca por debaixo das portas ou de forma que se poidan espaxear pola vía pública.

4.—Sen prexuízo das sancións ás que houbese lugar, tipificadas nesta Ordenanza, correrán cos gastos de limpeza ocasionados por tal actitude as empresas ou persoas físicas anunciadas, salvo denuncia expresa, ou os autores da súa colocación se se logra a súa identificación.

5.—Queda prohibido aparcas carriños ou vehículos publicitarios en terreos públicos ou privados, salvo os expresamente autorizados coa correspondente licenza municipal. En todo caso non se permitirá o seu estacionamento na vía pública, no mesmo lugar, por un período superior a 24 horas.

Artigo 54

1.—Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixe o ornato e a estética da vila, queda prohibido:

- a) Colocar carteis en paredes, muros, quioscos, fachadas, farolas, enreixados, valos, papeleiras, contedores, marquesiñas de parada de autobús, mobiliario urbano en xeral.
- b) Prohíbese a realización de toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais (beirarrúas, calzadas, mobiliario urbano) como sobre os muros ou fachadas dos edificios.

Quedan excluídas desta prohibición as pintadas ou murais artísticos que se realicen sobre valados dos soares, medianeiras, etc., que sexan autorizadas polo Concello.

- c) Raspar, luxar ou arrincar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares autorizados para o efecto.
- d) O espaxamento de folletos ou follas de publicidade pola vía pública.

2.—Consideraranse separadamente como actos sancionables as actuacións contrarias ó disposto no punto anterior en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido fixados en cada inmovible ou demais lugares prohibidos, podendo impoñerse sancións por cada cartel ou folleto que transgredisen estas normas.

Artigo 55

Colocación de pancartas.

Queda prohibida a colocación de pancartas en calquera dos elementos estruturais existentes no casco urbano: edificios, muros, pontes, valados, beirarrúas, elementos do mobiliario urbano e similares.

A colocación de pancartas soamente se autorizará:

- En período de eleccións.
- En período de festas populares ou tradicións.
- En eventos culturais ou deportivos de especial interese.
- En situacións que expresamente se sinalen polo Concello.

Deberán ser retiradas nos 10 días seguintes ao do vencemento do prazo para o que foron autorizadas.

Artigo 56

1.—Os/as propietarios/as ou titulares de inmo- bles, monumentos, quioscos, etc., coidarán, en cum- primento da obriga establecida no artigo 12, de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

2.—Unicamente se permitirá a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados para este obxecto.

3.—Así mesmo, os propietarios dos soares coidarán que os valos estean en perfecto estado de con- servación, limpándoos e pintándoos, especialmente no núcleo urbano, coidando que non saia ningún tipo de vexetación ao exterior.

Artigo 57

Cando un inmovible fose obxecto de pintadas ou pegadas de carteis, o propietario ou persoa encar- gada comunicarao ao Concello, o cal decidirá se procede á limpeza por persoal municipal, con cargo á persoa ou Empresa responsable das actuacións, en caso de ser esta coñecida, sendo todo iso sen prexuízo da obriga xenérica de manter por parte dos propietarios a limpeza das fachadas.

Artigo 58

1.—Durante todo o ano, a publicidade colocara- se unicamente nos lugares autorizados.

Durante os períodos electorais e aquel outros de xeral participación cidadá, nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Cuntis adoptará, de conformidade e co que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

2.—Para os efectos de sancións a que houbese lugar en relación a este artigo, serán responsables o Presidente Local ou cargo de máxima responsabili-

dade do Partido na localidade e, se se tratase de Eleccións Locais, o Cabeza de Lista do Partido ou da Agrupación que se presente.

3.—O Concello, en exemplo do cumprimento desta Ordenanza, respectará para a difusión dos seus Bandos e Carteis os puntos anteriores.

TÍTULO V

*Réxime Sancionador**Capítulo I.—Normas Xerais**Artigo 59*

O Concello incoará de oficio expedientes sancio- nadores baseándose nas denuncias dos servizos téc- nicos e dos axentes da Policía Municipal polas in- fraccións que se produzan en relación coas normas da presente ordenanza.

Artigo 60

1.—As responsabilidades derivadas do incum- primento das obrigas sinaladas na presente Orde- nanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais ou causas que se fose propietario.

2.—Cando se trate de obrigas colectivas, a respon- sabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios/as ou habitantes do inmovible, cando non estea constituída, e, para o efecto, as denuncias for- mularanse contra os mesmo ou, se é o caso, contra a persoa que ostente a súa representación.

3.—Cando se trate de depósito de lixo ou de sa- cudida de alfombras ou prendas á vía pública e non se poida detectar o infractor exacto do edificio, no- tificaráselle ao/á Presidente/a da Comunidade de veciños, e poderá responsabilizarse á Comunidade de infracción , caso de non comunicar o nome e do- micilio do infractor/a.

Artigo 61

Consideraranse infraccións administrativas, en relación coas materias a que se refire esta Ordenan- za, os actos ou omisións que contraveñan o estable- cido nas normas que integren o seu contido.

As infraccións clasifícanse en leves, graves, e moi graves, conforme se establece nos artigos se- guintes:

*Capítulo II.—Procedemento Sancionador e Sancións**Artigo 62*

Para impor unha sanción derivada dunha in- fracción recollida na presente Ordenanza deberá incoarse o oportuno expediente sancionador, que se tramitará conforme ó Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, e á normativa vixente en materia de procedemento administrativo común.

A competencia para a incoación dos expedientes e imposición da sanción corresponde á Alcaldía ou á Delegación desta, agás que a lexislación sectorial estatal ou autonómica atribúa a competencia a órganos doutra Administración.

Artigo 63

Sen prexuízo de que determinados feitos dean lugar a responsabilidade penal ou de que a lexislación sectorial estatal ou autonómica fixe outra tipificación;

1.—*Considéranse Infraccións Leves:*

A falta de limpeza das rúas particulares ou outros espazos libres do mesmo carácter.

Botar desperdicios á vía pública así como realizar as operacións prohibidas no Artigo 6, agás cambiar o aceite e outros líquidos aos vehículos, que terá a consideración de grave.

O incumprimento das disposicións en materia de limpeza, nos supostos do Artigo 8.

Expoñer alimentos ou outros produtos comerciais na vía pública ou vehículos, agás postos autorizados para o mercado ou venda ambulante.

Deixar na vía pública residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais.

Raspar, luxar ou arrincar carteis ou anuncios colocados nos lugares autorizados ou colocalos en lugares non autorizados, neste caso aplicarase a falta por cartel.

En relación cos recipientes herméticos e baldes (contedores) normalizados: a falta de coidado cos mesmos, colocalos na vía pública ou retiralos fóra do tempo establecido, utilizar outros distintos aos autorizados, quitar lixos que os desborden, etc.

Depositar o lixo e os desperdicios sen bolsa nos contedores ou na vía pública.

Depositar o lixo fóra do horario autorizado.

- l) Utilizar os contedores de recollida selectiva para depositar residuos domiciliarios distintos dos específicos para cada contedor.
- m) Non proceder á limpeza das deposicións dos cans en lugares públicos por parte da persoa que o conduza ou, en defecto desta, polo seu dono, así coma, non impedir que os cans fagan as súas deposicións en lugares destinados ao tránsito de viandantes.
- n) Non manter en adecuado estado de funcionamento, por negligencia, a totalidade das medidas correctoras contra a contaminación impostas a unha determinada actividade, ou a realización casual de contaminación por non ter adoptado as medidas correspondentes, sempre que sexa a primeira vez que o infractor incorra nesta conducta.

- ñ) Deixar os residuos ou as bolsas de lixo fóra dos contedores sempre que non se atopen saturados.
- o) Deixar as caixas de cartón fóra dos contedores azuis ou soterrados sen pregar ou introducilas do mesmo xeito, sempre que nos contedores haxa capacidade suficiente.
- p) Usar bicicletas nas zonas non permitidas de parques e zonas verdes.
- q) Tirar a auga dos baldes de limpeza na vía pública.
- r) Realizar pintadas, graffitis, etc. en mobiliario urbano, bambáns (xogos infantís) ou en lugares non destinados para tal fin.
- s) Deixar publicidade (panfletos, etc.) nos parabrisas de vehículos estacionados na vía pública ou tirala nos portais ou das caixas do correo á rúa ou calquera outra repartida fóra do autorizado na presente Ordenanza.
- t) A deficiencia na limpeza de zonas verdes que dean a unha vía pública, así coma, deteriorar os elementos vexetais, atacar ou inquietar os animais existentes nas zonas verdes ou abandonar nas mesmas especies animais de calquera tipo.
- u) Practicar xogos e deportes en sitios e de forma desaxeitada, usando inadecuadamente o mobiliario urbano.

2.—*Consideraranse Infraccións Graves:*

- a) A reincidencia en tres infraccións leves.
- b) Cambiar o aceite e outros líquidos aos vehículos na vía e espazos libres públicos.
- c) Realizar actos de propaganda mediante reparto, lanzamento de carteis, folletos, follas soltas, etc., que luxen os espazos públicos.
- d) Omitir as operacións de limpeza despois da carga ou descarga de vehículos ou incumprir as obrigas do Artigo 9.
- e) Incumprir as normas relativas á retirada de cascallos procedentes de obras e limpeza nas vías públicas que sinalan os Artigos 10 e 11.
- f) Colocar carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas en lugares non autorizados segundo o artigo 56.
- g) Usar indebidamente ou danar os recipientes herméticos subministrados polo Concello así como causar deterioración nas papeleiras.
- h) Abandonar mobles ou obxectos na vía ou espazos públicos.
- i) Abandonar cadáveres de animais ou a súa inhumación en terreos de dominio público.
- l) Abandonar vehículos nas vías públicas.

- m) A instalación e uso de aparellos de reprodución de música no exterior de establecementos.
- n) Abandonar animais mortos.
- o) Non retirar os contedores de obras no prazo establecido.
- p) Usar vehículos a motor en zonas non autorizadas de parques e zonas verdes excepto minusválidos/as
- q) Instalar tendas de campaña onde non estea permitido.

3.—*Consideraranse Infraccións moi graves:*

- a) Reincidencia en dúas faltas graves.
- b) Adicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización.
- c) Non proporcionar ao Concello os datos relativos á natureza dos residuos ou facilitar información falsa sobre os mesmos.
- d) Vertido de lixos e residuos sólidos en lugares non autorizados.
- e) Queimar lixos.
- f) Depositar residuos clínicos.
- g) A rotura total ou parcial de árbores ou arrincar plantas de parques, xardíns ou xardineiras públicas.
- h) Que a acción ou omisión infractora afecte a plantacións que estivesen catalogadas como de interese público.
- i) Que o estado dos elementos vexetais supoña un perigo de propagación de pragas ou enfermidades ou entrañe grave risco para as persoas.
- j) A celebración de festas, actos públicos ou competicións deportivas sen autorización municipal.
- k) O vertido ou depósito de materias que poidan producir contaminación e risco de accidentes.
- l) Realizar calquera ocupación con instalación fixa ou desmontable sen contar coa preceptiva autorización.

Artigo 64

Fíxase o seguinte cadro de sancións:

Faltas leves: apercibimento e multas ate 750 euros.

Faltas graves: multas de 100 euros a 1.500 euros e/ou peche temporal da actividade.

Faltas moi graves: multas de 1.500 euros a 3.000 euros e/ou peche temporal da actividade ou peche definitivo.

Artigo 65

Para determinar a contía da sanción atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.

Disposición final:

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada polo Pleno da Corporación segundo o procedemento previsto e fose publicado o seu contido na forma e coas condicións que establece o punto 2º do artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Cuntis, 10 de marzo de 2008.—A alcaldesa, Fátima Monteagudo Pereira. **2008002851**

A N U N C I O

Transcorrido o prazo de exposición pública e ó non terse presentado ningunha reclamación, considérase aprobada definitivamente a actualización das ordenanzas fiscais, facéndose público o seu texto:

ACTUALIZACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS DO CONCELLO NO EXERCICIO 2008

O.F. Nº 9 REGULADORA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DE QUE ENTENDAN O CONCELLO OU AS AUTORIDADES LOCAIS, A INSTANCIA DE PARTE

ANEXO I

Primeiro.—Tarifas:

- a) Concesión de licencias e autorizacións: 16,39 €.
- b) Compulsas por documento: 0,81 €.
- c) Certificacións, informes, copias de documentos: 2,41 €.

O.F. Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

ANEXO I

Primeiro.—Tarifas:

Bado permanente, carga, descarga e reserva de aparcadoiro de taxis e turismos, €/ml: 68,94 €.

Por badén na beirarrúa, €/ml: 4,92 €.

Reserva de aparcadoiro buses e camións €/ml:
19.42 €.

O.F. Nº 12 REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN OU RECREO SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODASE CINEMATOGRAFICA

ANEXO I

Primeiro.—Tarifas:

Coches eléctricos, norias ou similares, €/ día:
204.86 €.

Twister, saltamontes ou similares, €/ día:
120.50 €.

Tómbola, dragón ou similares, €/día: 81.95 €.

Tiovivos, globo, cacerola, cama elástica, postos de tiro ou similares €/ día: 16.39 €.

Bares, polbeiras e postos indeterminados, €/m²:
1.64 €

Por cada verbena:

Actuación de orquestra: 16.07 €.

Actuación de banda de música: 0,81 €.

Actuación de grupo de gaitas: 0,81 €.

O.F. Nº 14 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS PUNTAIS ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓN ANÁLOGAS.

ANEXO I

Primeiro.—Tarifas:

1ª semana, por m²/ día: 0,17 €.

1º mes, por m²/ día: 0,21 €.

Un ano, por m²/día: 0,41 €.

O.F. Nº 15 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA

ANEXO I

Primeiro.—Tarifas:

Días, por m² e día, €: 0,34 €.

Meses, por m² e mes, €: 9,94 €.

Trimestre, por m² e trimestre, €: 27,57 €.

Ano, por m² e ano, €: 397,08 €.

O.F. Nº 19 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE MATADOIROS, LONXAS E MERCADOS, ASÍ COMO A CARREXA DE CARNES SE HOUBERA DE EMPREGARSE DUN XEITO OBRIGATORIO E SERVIZOS DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE ABASTOS INCLUÍDA A UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE PESAR E MEDIR

ANEXO I

Primeiro.—Tarifas:

Por servizo de mercado:

De 1 a 7 m²/€/mes: 24.09 €.

De 8 a 12 m²/€/mes: 32.14 €.

De 13 a 18 m²/€/mes: 40.17 €.

O.F. Nº 22 REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL INCLUSIVE ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CANOS, CONDUCCIÓN E OUTRAS INSTALACIÓN ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓN DE PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA

ANEXO I

Primeiro.—Tarifas:

Beirarrúas, por m²: 24.59 €.

Aglomerado, por m²: 16.39 €.

Enlousado, por m²: 102.43 €.

O.F. Nº 26 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CEMITERIO LOCAL, CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVIZOS FÚNEBRES DE CARÁCTER LOCAL

ANEXO I

Primeiro. Tarifas:

A) Columna de 3 nichos e cinceiro: 3892.10 €.

B) Aluguer dun nicho por 5 anos: 119.44 €.

C) Terreo para unha columna de 3 nichos e cinceiro: 995.37 €.

D) Terreo para capelas: 477.78 €.

Cuntis, 10 de marzo de 2008.—A alcaldesa, Fátima Monteagudo Pereira. **2008002852**

A N U N C I O

Transcorrido o prazo de exposición pública e ó non terse presentado ningunha reclamación, considérase aprobada definitivamente a Ordenanza reguladora do deber de conservación de edificacións e terreos nas condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade e ornato público, segundo o seu destino, facéndose público o seu texto:

**ORDENANZA REGULADORA DO DEBER
DE CONSERVACIÓN DE EDIFICACIÓNS E TERREOS
NAS CONDICIÓNNS DE FUNCIONALIDADE,
SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO
PÚBLICO, SEGUNDO O SEU DESTINO**

*Artigo 1.—Normas para o mantemento
de edificios no solo urbano*

Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións situados dentro do solo urbano deberán manter os mesmos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación; coa finalidade de impedir riscos para as persoas e as cousas, impedir perigos para a hixiene colectiva e manter unha imaxe urbana agradable.

Neste senso, deberán ser sometidos ós labores de reparación ou mantemento todos aqueles elementos constructivos exteriores das edificacións, que presenten un aspecto descoidado debido ó esgotamento ou deterioro dos mesmos ou a calquera outra causa (pintura en mal estado, invasión de maleza, elementos que presenten riscos de desprendemento, publicidade que incumpra o establecido nesta ordenanza, etc.)

Esta ordenanza esténdese a todos os elementos constructivos exteriores (fachada, paramentos e cuberta), así como ós demais elementos expostos ó exterior (aleiros, cornixas, gárgolas, canalóns, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, chapados, escudos, carteis comerciais, etc.)

Deberase, especialmente, acondicionar todos aqueles elementos constructivos dos edificios (fachadas, medianeiras, etc.) que presenten materiais á vista que deban ser recubertos segundo a normativa urbanística vixente (ladrillos, bloques de cemento, uralita, etc.).

Esta ordenanza resulta de aplicación a tódalas edificacións situadas no casco urbano, públicos ou privados, con independencia do seu uso ou destino e antigüidade.

*Artigo 2.—Normas para o mantemento
de terreos e solares*

- a) Os propietarios dos terreos que linden coa vía pública deberán pechalos con cerramentos axeitados, situados na alienación oficial e seguindo as prescricións establecidas na normativa urbanística. En todo caso, deberán ser construídos con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación. O acabado dos cerramentos deberá ser opaco. Os pechos dos terreos situados no casco histórico deberán coidar especialmente os aspectos de integración no entorno, de acordo coa normativa urbanística en vigor.

- b) O interior dos devanditos terreos deberán manterse libres de residuos e maleza e en condicións de hixiene, ornato e seguridade en xeral.
- c) A altura dos cerramentos será a que se indica a continuación, téndose que construír con materiais que garantan a estabilidade e conservación, respectando as seguintes normas:
- Terreos e solares en solo urbano.—Muro opaco cunha altura máxima de 2,50 metros
 - Terreos e solares dentro do ámbito do casco histórico.—Deberán adaptarse no básico ó ambiente no que estean situadas e para tal efecto :
 - A súa tipoloxía deberá ser congruente coa propia da zona.
 - Os materiais empregados deberán ser compatibles cos constituíntes da paisaxe na que se vaian a situar, recomendándose o uso dos dominantes na zona. Prohíbese expresamente a utilización como vistos de materiais fabricados para ser revestidos
 - Altura máxima 2,50m e retranqueos de conformidade coa normativa urbanística existente.

Artigo 3.—Licencia municipal

As actuacións encamiñadas a dar cumprimento ós aspectos regulados nos artigos 1 e 2 deberán contar coa preceptiva licenza municipal.

Artigo 4.—Determinación dos terreos e solares

Para a catalogación dos terreos ós que se refire esta ordenanza, será de aplicación a definición e aspectos que contemplan as normas urbanísticas vixentes no concello de Cuntis

Artigo 5.—Realización de pintadas

Prohíbese a realización de toda clase de pintadas na vía pública; tanto sobre os seus elementos estruturais (beirarrúas, calzadas, mobiliario urbano) como sobre os muros ou fachadas dos edificios.

Quedan excluídas desta prohibición as pintadas ou murais artísticos que se realicen sobre valados dos soares, medianeiras, etc., que sexan autorizadas polo concello.

Artigo 6.—Declaración de ruína

Cando algunha construción ou parte dela estivese en estado ruinoso, o concello, de oficio ou por instancia de calquera interesado, ha declarala en situación de ruína e acordará a total ou parcial demolición, logo da tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia do propietario e dos moradores, agás inminente perigo que o impedisese

Declarase en estado ruinoso, cando o custo das obras necesarias exceda da metade do custo de reposición da edificación ou de nova construción con características similares excluído o valor do terreo

Artigo 7.—Procedemento

O procedemento para esixir o cumprimento do establecido na presente ordenanza pódese iniciar de oficio ou a instancia de calquera persoa, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados

O incumprimento do establecido nesta ordenanza facultará ó concello para facer uso das súas facultades permanentes de policía urbanística e ordenar a execución das medidas necesarias para facela cumprir.

O concello utilizará os instrumentos de que dispón (servicios urbanísticos municipais, policía local, etc...) para facer cumprir o establecido nesta ordenanza.

En caso de que o responsable incumprise a orde do concello, a institución municipal poderá dispoñer á súa execución forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas cuxa contía ven determinada nos artigos seguintes. Se aínda así persistise o incumprimento, o concello procederá á execución subsidiaria das medidas necesarias, repercutindo os custos ás persoas responsables.

Artigo 8.—Réxime disciplinario

O órgano competente para sancionar as infraccións tipificadas nesta ordenanza é a Alcaldesa – Presidenta ou a persoa en quen delegue, tal é como se recolle na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta ordenanza, serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se debe responder.

Artigo 9.—Consideración das infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación cos materias ás que se refire esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

As infraccións clasifícanse como leves, graves ou moi graves, conforme se establece nos seguintes artigos

Artigo 10.—Infraccións leves

- En xeral, o incumprimento dos requisitos, obrigas e prohibicións establecidas nesta ordenanza que non estean clasificadas como graves ou moi graves .

- Non cumprir o requirimento realizado polo concello unha vez transcorridos 2 meses dende a notificación do mesmo.

Artigo 11°.—Infraccións graves

- A reincidencia nas infraccións leves
- Non proceder ó cumprimento do requirimento realizado polo concello, unha vez transcorridos 2 meses desde a notificación, cando haxa risco inminente para persoas, vivendas ou bens doutra índole.
- Non permitir o acceso ó persoal de vixilancia no desenvolvemento do seu labor de inspección

Artigo 12°.—infraccións moi graves

Cando nas infraccións graves concorran, ademais, algunha das seguintes circunstancias:

- A reincidencia nas faltas graves
- Malicia ou intencionalidade
- Irreversibilidade do dano causado
- Grave repercusión nos bens, as persoas ou o patrimonio público, histórico ou natural

Artigo 13.—Determinación das sancións

Sen prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, a contía das sancións serán as seguintes:

- Infraccións leves: multa entre 60 e 600 €.
- Infraccións graves: multa entre 601 e 1000 €.
- Infraccións moi graves: multa entre 1001 e 3000 €.

Para determinar a contía das sancións atenderase ás circunstancias concurrentes nos feitos que as motivaron, tales como a natureza e dimensión da infracción, grao de intencionalidade ou reincidencia, así como aqueles factores que se poidan considerar como atenuantes ou agravantes.

Será considerado reincidente quen incorrese en infracción nas mesmas materias durante os doce meses anteriores e así fose sancionado.

Disposición adicional primeira

O establecido na presente ordenanza enténdese sen prexuízo das actuacións que correspondan a outros organismos da Administración, dentro das súas respectivas competencias.

Disposición adicional segunda

En todo caso, os procedementos serán axustados a dereito en materia urbanística con aplicación da lexislación vixente (Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións da lei 15/2004, do 29 de decembro; R. D. 3288/1978, de 25 de agos-

to, que aproba o Regulamento de Xestión Urbanística; Lei 8/2007, de 28 de maio, do Solo)

Disposición transitoria

Única: Establecese un período de carencia de 3 meses dente a entrada en vigor da presente ordenanza para que aqueles feitos que supoñan incumprimento do disposto na mesma se adapten ás súas prescricións.

Disposición derradeira

Única: A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e teña transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei de Bases do Réxime Local.

Cuntis, 10 de marzo de 2008.—A alcaldesa, Fátima Monteagudo Pereira. **2008002853**

A N U N C I O

Transcorrido o prazo de exposición pública e ó non terse presentado ningunha reclamación, considérase aprobada definitivamente a Ordenanza reguladora do uso dos locais municipais por asociacións, facéndose público o seu texto:

ORDENANZA REGULADORA DO USO DOS LOCAIS MUNICIPAIS POR ASOCIACIÓNS CIDADÁS

O elemento asociativo configúrase na actualidade como clave no proceso de construción dunha sociedade máis participativa e máis democrática e como factor esencial para o progreso social. Polo tanto resulta necesaria a participación dos/as cidadáns/cidadás, a través das entidades cidadás e asociacións que compoñen o tecido asociativo do noso pobo para preservar e enriquecer a riqueza social e cultural da comunidade, ao mesmo tempo que tratar as cuestións que afecten aos distintos sectores sociais aos que representen.

Nese marco é onde o Concello de Cuntis desprenga a súa acción de fomento do tecido asociativo, solventando as necesidades das asociacións a través da autorización para o uso especial do dominio público municipal. Preténdese pois promocionar a realización de actividades autoxestionadas de interese social coa autorización, voluntaria e de balde, do uso de locais e equipamentos que sexan de titularidade municipal. A presente Normativa ten como finalidade regular e facilitar ás entidades sociais sen ánimo de lucro unha sede social ou un espazo, onde poidan desenrolar as súas actividades e conseguir os obxectivos expresados nos seus estatutos, ó mesmo tempo que dito espazo supoña un punto de encontro para os seus membros e de referencia

para a cidadanía en xeral. Tratándose de bens de titularidade municipal ou sobre os que o Concello ostenta algún dereito, susceptibles de ser utilizados por unha pluralidade de asociacións do pobo, corresponde a este a competencia exclusiva de decidir quen poderá ser beneficiario das autorizacións, atendendo a criterios obxectivos e de dispoñibilidade de espazo.

Correspóndelle ó Concello as facultades de tutela a cuxos efectos se establecerán as medidas e normas básicas de organización, sen detrimento da autonomía que as entidades que os ocupen nese momento poidan ter.

TÍTULO I. OBXECTO DA ORDENANZA

Artigo 1. Obxecto

1.—As autorizacións de uso terán por finalidade proporcionar ás entidades sociais un espazo onde poidan desenrolar as súas actividades e conseguir os seus obxectivos estatutarios, sempre con vocación de estabilidade e continuidade.

2.—Quedan excluídas desta ordenanza as autorizacións temporais destinadas a satisfacer necesidades puntuais ou transitorias, as cales están reguladas pola autorización municipal oportuna, ou aqueles inmobles ou equipamentos que dispoñían doutra normativa específica.

Artigo 2. Espacios que se ceden

1.—O Concello de Cuntis acordará a autorización, en precario, ás asociacións da localidade que o requiran e dentro das súas posibilidades, daqueles locais municipais, determinados previamente, que teñan a consideración de bens patrimoniais.

Artigo 3. Entidades que poden acollerse a esta Ordenanza

1.—Para acceder ó uso de equipamentos e inmobles será condición indispensable que a entidade interesada non teña ánimo de lucro e que estea inscrita no correspondente Rexistro da Comunidade Autónoma e no Rexistro Municipal de Asociacións de Concello de Cuntis.

2.—Considérase que unha entidade cidadá ou asociación non ten ánimo de lucro cando así figure nos seus estatutos e non desenvolva actividade económica algunha, ou de desenvolve-la, o froito desa actividade se destine única e exclusivamente ó cumprimento das finalidades de interese xeral establecidas nos seus estatutos, sen repartición de beneficios, directos ou indirectos entre os seus asociados ou terceiros.

3.—En todo caso, o Concello garantirá a prioridade de autorización ás entidades cuxo fin primordial sexa a igualdade de oportunidades, non-discriminación, accesibilidade universal das persoas con discapacidade ou outros proxectos de intervención social,

desenvolvemento de valores e responsabilidades na infancia e/ou a xuventude, terceira idade, calquera outra que actúe no espacio sociosanitario, ou outros proxectos culturais e/ou de lecer, tempo libre de interese xeral e respecto polo medio ambiente.

Artigo 4. Solicitudes

O Concello realizará unha convocatoria pública anual de aqueles locais dispoñibles que non sexan precisos para a realización doutras actuacións e estime convinte de utilización por asociacións. As bases e os locais serán determinados mediante acordo da Xunta de Goberno local. No caso de existir novos locais dispoñibles poderán realizarse convocatorias unitarias.

As asociacións solicitarán ó Concello, por escrito, a autorización do uso dun local, axuntando un proxecto anual de actividades e servicios. En función do carácter da asociación demandante e da natureza das actividades propostas, o/a concelleiro/a responsable desa área, será o/a responsable de estudar a solicitude e, en función da dispoñibilidade de equipamentos, ofertará á entidade solicitante un local determinado. De aceptarse pola asociación dito local, ambas partes negociarán as condicións de uso para que estas figuren no acordo de que adopte.

Artigo 5. Autorización

1.—A proposta de adxudicación na que se inclúan as condicións específicas de uso será presentando polo/a Concelleiro/a competente e á Xunta de Goberno Local tomará un acordo polo que se lle permita á entidade social interesada acceder ó uso dos inmobles ou equipamentos obxecto desta ordenanza.

2.—O acordo de autorización do uso establecerá a duración do mesmo e concretará os espazos cedidos.

3.—O acordo incorporará un inventario dos bens mobles, en caso de que foran tamén obxecto de autorización do uso.

4.—As eventuais prórrogas á duración inicial do acordo serán de mutuo acordo entre as partes e deberán ser referendadas pola Xunta de Goberno Local.

5.—O acordo de autorización de uso pode tamén referirse a outros extremos que afecten á colaboración entre o Concello e a entidade beneficiaria.

6.—En todo caso, o acordo ou as súas posibles modificacións, non poderán prexudicar ou limitar as condicións de uso concertadas con outras entidades usuarias.

Como norma xeral a autorización de uso terá un máximo de 8 anos, con revisións anuais para comprobar que non variaron as condicións polas que o colectivo accedeu ó mesmo.

Artigo 6. Obrigas

1.—A asociación ou entidade cidadá, beneficiaria dunha autorización de uso, está obrigada a cumprir as disposicións e normas desta Ordenanza así como as que figuren no acordo da Xunta de Goberno Local.

2.—Inmediatamente á adopción de acordo de autorización, a entidade beneficiaria disporá dun mes para presentar un proxecto de actividades e servicios para o ano en que a Xunta de Goberno Local tomou o acordo. No comezo de cada ano natural, no primeiro trimestre do ano, a asociación adxudicataria entregará ó Concello un novo proxecto.

TÍTULO II. DAS NORMAS XERAIS DE USO DOS LOCAIS

Artigo 7. Usos

1.—Os espazos cedidos para uso exclusivo poderán ser utilizados pola entidade beneficiaria para aquelas funcións ou actividades que lle sexan propias, atendendo os seus obxectivos estatutarios. O acordo de autorización de uso poderá regular máis amplamente esta materia en aqueles puntos que se estime oportunos.

2.—Un local pode ser cedido a unha soa entidade individualizadamente ou a varias, de maneira que poidan usalo de forma compartida.

3.—Calquera outra utilización diferente ás anteriores deberá ser autorizada polo Concello de Cuntis.

Artigo 8. Mantemento

1.—As asociacións estarán obrigadas á conservación dilixente dos espazos de uso exclusivo e de uso común e en xeral de todo o inmovible, como tamén do moblaxe, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, efectuando de forma inmediata e o seu cargo, previa autorización do Concello, as reparacións necesarias. Este apartado non se aplicará no caso de que o deterioro sobreveña polo efecto do uso e sen culpa da entidade beneficiaria ou polo acaecemento dun caso fortuíto. Así mesmo estarán obrigadas a realizar un uso razoable dos distintos subministros (auga, electricidade...). Non se permite a instalación de aparatos eléctricos de gran consumo.

2.—Corresponderá á entidade beneficiaria o mantemento e as reparacións dos bens mobles incluídos na autorización. Velarán pola limpeza e a orde. Despois de cada período diario de uso procederán a súa limpeza e ordenación do moblaxe e elementos interiores, co fin de que poidan ser utilizados por outras asociacións.

3.—Concedido o uso facilitarase ós interesados as chaves correspondentes para a apertura e peche dos locais, sendo responsables da súa custodia e adecuado uso. Absterase de realizar reproducións da mesma, salvo que o concelleiro responsable do procedemento de autorización así llo autorice expresamente. No caso de copias todas serán devoltas ó Concello o remate do período de uso dos edificios e locais.

Artigo 9. Quendas

9.1.—Uso individualizado

As asociacións beneficiarias dun local de uso individualizado poderán fixar libremente o horario de apertura e peche, sempre que sexa compatible coa normativa vixente.

9.2.—Uso compartido

Para distribuír os días e quendas nos que se poderán utilizar os equipamentos será necesaria a consulta previa de todas as asociacións afectadas.

Artigo 10. Espacios comúns

En aqueles locais compartidos por varias entidades, corresponde ó Concello de Cuntis a través do/a concelleiro/a responsable da apertura do expediente de autorización, establecer cales son os espazos de uso común de cada centro e a finalidade e o uso que se pode facer destes. Por exemplo: Taboleiro de anuncios, conserxería ou semellantes.

Artigo 11.—Actividades non permitidas

No interior do local cedido e dentro do respecto a autonomía da asociación, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohíbe a realización de calquera acto de carácter violento ou que atente contra a dignidade persoal, ou discrimine ós individuos ou grupos por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Queda prohibida a utilización dos espazos públicos cedidos mediante estes convenios para a realización de calquera tipo de actividades económicas.

Artigo 12. Obras

1.—As entidades beneficiarias non poderán realizar no espazo cedido para o seu uso exclusivo, nin nos bens mobles nin en xeral en todo o inmovible, ningún tipo de obra ou actuación sen a expresa autorización do Concello de Cuntis estando sometida á pertinente licenzia de obras.

2.—As obras ou actuacións quedarán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.

3.—No caso de contravir o disposto no apartado 1 deste artigo, o Concello poderá ordenar que se restituía o ben ó seu estado orixinal, sen dereito a indemnización ou compensación económica. No caso de non facelo, o Concello poderá executar subsidiariamente as obras de restitución, estando obrigada a entidade a pagar o custo. Se a restitución fora imposible sen o menoscabo do ben, o causante estará obrigado a indemnizar po-los prexuízos ocasionados.

Artigo 13. Responsabilidade Civil

1.—Cada entidade será responsable directa dos danos e prexuízos ocasionados a terceiros nos espazos cedidos causados polos seus membros e usuarios, ben pola acción, ou po-la omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio Concello.

2.—Cada entidade deberá xustificar ó ter concertada unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil e tamén os posibles danos ocasionados no inmovible.

3.—A Asociación beneficiaria deberá acreditar debidamente o pago da póliza de seguro, cuxos recibos poderán ser requiridos en calquera momento po-los servizos técnicos da Concellería responsable da apertura do expediente de autorización.

TITULO III. OBRIGAS DAS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES

Artigo 14.

1.—Tódalas entidades cidadás e asociacións estarán obrigadas a cumprir as normas xerais contidas no capítulo II.

2.—Tamén estarán obrigadas ó seguinte:

- a) A destinar o espazo cedido ás finalidades propias da entidade, realizando o seu programa de actividades, como tamén ó que establece o convenio ou poida autorizar o Concello.
- b) A non realizar no centro ningún tipo de publicidade mercantil de terceiros, agás con autorización municipal. Entendendo por publicidade toda forma directa ou indirecta, a compra/venda ou contratación de servizos e/ou bens mobles ou inmovibles.
- c) A respectar os espazos asignados a outras entidades ou asociacións que compartan o centro sen interferir no normal desenvolvemento das súas actividades.
- d) A respectar a finalidade e destino dos espazos de uso común.
- e) A non causar molestias á veciñanza nin perturbar a tranquilidade da zona durante as quendas de utilización, adoptando as medidas oportunas establecidas na normativa vixente.

- f) A conservar os espacios asignados para o seu uso en óptimas condicións de salubridade e hixiene.
- g) A custodiar as chaves do centro e a pechalo cando sexa a última entidade en usalo, salvo que o convenio dispoña outra cousa. Ó mesmo tempo velarán po-lo bo uso dos espacios cedidos, exercendo a vixilancia e o control dos usuarios.
- h) A non ceder a terceiros, nin total nin parcialmente, sexa ou non membro da asociación, o uso do espacio que se lle asignou.
- i) Cando se trate de centros abertos ó publico, a non impedi-la entrada, dentro da quenda de funcionamento, a ningunha persoa por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- j) A comunicar ó Concello de Cuntis, calquera anomalía, incidencia ou problema que poida xurdir, e con carácter inmediato no suposto de urxencia.
- k) Á reversión ó Concello de Cuntis, unha vez extinguido ou resolto o acordo de autorización ou autorización de uso e dentro dos termos que sinala o artigo 19, o uso dos espacios e bens obxecto da autorización no seu estado orixinario, agás o desgaste sufrido po-lo uso.
- l) A permitir en todo momento ó Concello o exercicio da facultade de seguimento e inspección en canto a vixilancia do cumprimento desta ordenanza, da normativa vixente e do acordo de uso, facilitando o acceso ós diversos espacios e proporcionando a información e documentación que sexa requirida.

TITULO IV. FACULTADES E OBRIGAS DO CONCELLO

Artigo 15.

1.—O Concello de Cuntis poderá exercer en calquera momento a potestade de inspección a que se refire o artigo 14.2.1. Se do seu exercicio derivara a comprobación de incumprimentos graves por parte da entidade beneficiaria, o Concello poderá esixir o seu cumprimento ou extingui-la autorización de uso.

Artigo 16.

O Concello de Cuntis ten as seguintes obrigas:

- a) As que se deriven desta Ordenanza e da legalidade vixente.
- b) Conservar en óptimas condicións de salubridade e hixiene os espacios de uso común de cada centro.
- c) As reparacións e reposicións destinadas ó mantemento estrutural do edificio corresponden ó Concello de Cuntis, entendéndose

por tal ó que afecta a estrutura do edificio, as súas fachadas e cubertas e as acometidas exteriores de servizos; sempre que sexan causa do uso normal e ordinario do centro.

TITULO V. CAUSAS DE EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN DE USO

Artigo 17.

Os locais obxecto desta Ordenanza cederanse por parte do Concello en precario. O precario extinguirase por decisión motivada da Xunta de Goberno Local do Concello, o cal reclamará con dous meses de antelación a entidade beneficiaria mediante o correspondente requirimento.

O acordo de autorización pode extinguirse:

- a) Por remate do termo inicial ou as súas prórrogas.
- b) Por mutuo acordo entre as partes.
- c) Por renuncia da entidade ou por falla de utilización efectiva dos espacios cedidos.
- d) Po-la realización permanente ou exclusiva de actividades, servizos ou outros non contemplados no convenio de autorización ou que contraveñan na presente Ordenanza, en especial actividades económicas con lucro para particulares.
- e) Por disolución da entidade.
- f) Por necesidade suficientemente motivada de uso do local para a prestación de outros servizos públicos que o requiran.
- g) Por incumprimento das obrigas establecidas nos concretos acordos de uso, especialmente en materia de horarios e limpeza.
- h) Por consumos abusivos e non xustificadas daqueles subministros que asume o concello.

Artigo 18.

A extinción da autorización do uso por calquera das causas citadas non dará dereito a entidade ou asociación afectadas a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

Artigo 19.

1.—Unha vez resolto ou extinguido o acordo de autorización de uso, a asociación deberá reintegrar ó Concello de Cuntis o uso do espacio e bens cedidos no termo máximo de 15 días. En caso contrario será responsable dos danos e prexuízos que poida ocasionar a demora.

Disposición Final Primeira

Os efectos do disposto no artigo 5. Autorización, o Pleno da Corporación Municipal, delega na Xunta de Goberno Local a resolución das autorizacións ou autorización de uso a que se refire a presente Ordenanza, sendo este Órgano municipal o

que resolva a proposta do Concelleiro responsable da apertura do expediente de autorización.

Cuntis, 10 de marzo de 2008.—A alcaldesa, Fátima Monteagudo Pereira. **2008002850**

* * *

ILLA DE AROUSA

A N U N C I O

O Pleno deste Concello, en sesión celebrada en data 13 de marzo de 2008, acordou aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Fundación Deportiva Municipal para o exercicio 2008, o que en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público durante un prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que consideren oportunasante o Pleno.

O Orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Na Illa de Arousa, a 14 de marzo de 2008.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez.

2008003040

A N U N C I O

O Pleno do Concello de A Illa de Arousa, en sesión celebrada o 13 de marzo de 2008, adoptou acordo provisional de aprobación e modificación de determinadas Ordenanzas que se relacionan a continuación:

- Ordenanza xeral reguladora das normas para a redacción de proxectos de urbanización, control das obras e recepción destas polo Concello.
- Ordenanza xeral reguladora das condicións das instalacións de temporada.
- Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola apertura de establecementos.

Polo que, de acordo co disposto no artigo 17 do Texto Refundido de Lei de Facendas Locais e artigo 49 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, expónense ó público, por prazo de trinta días, dentro do cal os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderanse definitivamente aprobados os acordos ata entón provisionais.

Os expedientes poderán ser examinados nas dependencias municipais, en días laborables (agás sábados) e en horario de 9.00 a 14.00 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Na Illa de Arousa, a 14 de marzo de 2008.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez.

2008003039

* * *

REDONDELA

A N U N C I O

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada, entre outras, pola Lei 4/1999, intentada a notificación persoal a D. Francisco Javier Mateos Cordero, no lugar facilitado como domicilio a efectos de notificacións, sen que fóra posible practicala, notifícase, na súa condición de denunciante, o que a continuación se indica:

- Información previa concluída polos servizos técnicos no expediente de reposición de legalidade nº 17/08, proponendo á Alcaldía o inicio do expediente de reposición da legalidade polas obras levadas a cabo en Vilar do Mato, 7A - San Martiño de Ventosela, por D. Francisco Bouzón Sousa, como presunto responsable, consistentes na construción dunha edificación auxiliar (garaxe) duns 60m2., sen licenza ou orde de execución que o ampare.
- Traslado da Resolución da Alcaldía de data 26.02.08, de suspensión como medida cautelar das obras indicadas.

De acordo co exposto, unha vez publicado o presente anuncio no Boletín Oficial da provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello tense por efectuadas as notificacións que se pretende, sen prexuízo de que o interesado poida interpoñer, contra a Resolución de 26.02.08, recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ao abeiro do establecido no artigo 116.1 da LRXPAC, ou ben directamente o Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativo. Todo isto sen prexuízo de que, se o considera convinte, interpoña outros recursos procedentes.

Participáselle que, poderá examinar o expediente no departamento de urbanismo do Concello de